

TERMOS DEFINIDOS

PUNTO 3. A ITALIA FASCISTA

1. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- a) **MARCHA SOBRE ROMA** (páxina 231): *Mobilización de militantes fascistas que tivo lugar en Italia en 1922 organizada para esixir un mínimo de seis ministross fascistas no Goberno e ante a cal o rei Vítor Manuel III se negou a aplicar o Estado de sitio para frear esta insurrección e acabou enviando un telegrama a Mussolini solicitándolle que formase Goberno.*
- b) **LEIS FASCISTÍSIMAS** (páxina 232): *Conxunto de medidas aplicadas pola ditadura de Benito Mussolini en Italia, entre as que se incluían a creación dun tribunal de delitos políticos e unha policía política, a eliminación dos demais partidos e dos sindicatos e a implantación da censura de prensa.*
- c) **PACTOS DE LETRÁN** (páxina 232): *Acordos asinados entre Benito Mussolini e o papado, polos cales se consolidou o réxime fascista en Italia e se puxo fin ao litiixio entre o Estado italiano e a Igrexa católica, que se mantiña desde o final do proceso de unificación, e a través dos que se recoñecía o catolicismo como a única relixión do Estado ou a través dos que a relixión volveu ensinársese obrigatoriamente nas escolas e, a cambio, a Santa Sé recoñecía o Estado fascista e a capitalidade de Roma, e como resultado dos cales nacía oficialmente o Estado do Vaticano.*

PUNTO 4. A ALEMAÑA NAZI

2. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- d) **ESPARTAQUISTAS** (páxina 234): *Grupo político que se formou en Alemaña no período de entreguerras, que era partidario de seguir o exemplo dos bolxeviques en Rusia e de instaurar unha república socialista, e que levou a cabo unha insurrección que supuxo a primeira crise que sufría República de Weimar, a cal foi esmagada de forma violenta polo Goberno socialdemócrata, co apoio do exército e dos corpos de voluntarios formados por oficiais e soldados desmobilizados tras a Primeira Guerra Mundial.*
- e) **PUTSCH DE MÚNIC** (páxina 235): *Intento de golpe de Estado levado a cabo nunha cervexería de Múnic en 1923 por grupos ultranacionalistas de dereitas, entre os que estaba Adolf Hitler e o seu pequeno partido, e que fracasou estrepitosamente, provocando que Hitler fose metido no cárcere, onde escribiría Mein Kampf, o libro que espuxo os principios básicos do nazismo.*
- f) **SA** (páxina 235): *Organización paramilitar vinculada ao Partido Nacionalsocialista Obreiro Alemán, que se formou durante a época de entreguerras e que funcionaba como sección de asalto, na cal os seus membros se distinguían polo seu uniforme pardo e polo brazaletes co símbolo da esvástica.*
- g) **NOITE DOS COITELOS LONGOS** (páxina 237): *Acontecemento que tivo lugar en Alemaña en 1934 e que foi organizado por Adolf Hitler, co apoio do exército e da oligarquía económica, para eliminar os elementos máis radicais das SA, no que se ordenou o asasinato do xefe das SA, e dos seus principais dirixentes, así como de destacados opositores, para deste xeito construír con maior facilidade o novo Estado nazi.*

- h) **SS** (páxina 237): *Organización paramilitar fundada en Alemaña no período de entreguerras, que en orixe funcionaba como escuadrón de protección e garda persoal de Adolf Hitler, e que se foi transformando nun corpo de elite do nacionalsocialismo alemán, ligado por xuramento a Hitler, que se encargaba de facer cumprir as políticas raciais nazis e de identificar, perseguir, torturar ou mesmo asasinar aos opositores ao réxime.*
- i) **LEIS DE NÚREMBERG** (páxina 238): *Conxunto normas aprobadas en Alemaña nos anos trinta, que formaban parte das medidas racistas e antisemitas aprobadas polo Goberno nazi, polas cales se excluían ás persoas xudías da cidadanía alemá e prohibían os matrimonios entre persoas xudías e persoas da denominada raza aria, a cal era considerada polo nazismo como a etnia autenticamente alemá.*
- j) **NOITE DOS CRISTAIS ROTOS** (páxina 238): *Acontecemento que tivo lugar en Alemaña en 1938, cando a política antisemita se foi facendo máis violenta, e na cal membros das SA e das SS saquearon e destruíron negocios, fogares e sinagogas xudías e asasinaron a un centenar de persoas xudías, e tras a que, inmediatamente despois, miles de persoas xudías alemás e austríacas foron detidas e encerradas en campos de concentración.*
- k) **SOLUCIÓN FINAL** (páxina 238): *Denominación que recibiu o programa de eliminación total da poboación xudía en Europa, que foi ordenado por Adolf Hitler durante a Segunda Guerra Mundial, e que se levou a cabo a través dunha inmensa rede de campo de traballo e exterminio situados en diferentes países, nos que acabaron morrendo máis de seis millóns de xudeus.*